Celanova, 13 de xaneiro de 2020

D. **Leopoldo Rodríguez Puga** en calidade de voceiro do Grupo Municipal do BNG do concello de Celanova, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes, presenta para debate e aprobación, se procede, a seguinte moción destinada a promover unha revisión da normativa existente sobre a ocupación do espazo público en Celanova que poña fin ás inercias herdadas de anteriores gobernos de maioría absoluta e se lle dea voz a todos os grupos que fan parte da corporación e tamén á veciñanza da vila para elaborar entre todas unha nova ordenanza municipal que permita unha ocupación racional e respectuosa coa vida cotiá de veciñas e veciños e, especialmente, co patrimonio histórico e material de Celanova en canto que está sendo obxecto das principais agresións.

Exposición de motivos:

O BNG de Celanova alerta a respecto da desatención por parte do novo goberno municipal en canto ao uso de espazos públicos da vila, e singularmente nas datas festivas e vacacionais, da praza Maior.

Respondendo ás queixas da veciñanza, o BNG pide ao goberno municipal que non se acomode ás inercias herdadas do PP e reverta a tendencia á privatización do espazo público monumental de Celanova.

As nacionalistas cuestionamos os criterios que segue o goberno municipal para destinar estes espazos públicos a actividades comerciais para lucro de empresas privadas, que fan por exemplo que durante o mes de Nadal e até os primeiros días de Xaneiro, se instalen carpas, atraccións ou exposicións con fins comerciais que impiden tanto o goce por parte da veciñanza dun espazo de lecer como o goce do principal conxunto monumental por parte de visitantes ocasionais ou retornados.

Estas circunstancias repítense durante as festas do verán cun desleixo por parte da Administración pública que vén dos tempos do PP. Mais isto supón unha evidente degradación da paisaxe monumental de Celanova e a perda de singularidade dun espazo público central para a vila; e revela ademais unha falta de sensibilidade preocupante sobre o coidado do patrimonio material e histórico de Celanova.

O BNG chama ás veciñas e veciños e aos grupos de goberno a facer unha reflexión sobre as oportunidades que se desaproveitan para o lecer da veciñanza, para o reclamo turístico ou para outras actividades verdadeiramente inclusivas non suxeitas a pagamentos que non todas as familias poden asumir.

Para contribuír a esa reflexión, o BNG sinala que existen outras vías, empezando polos emprazamentos das atraccións festivas, para impulsar desde o público políticas que propicien un comercio vizoso en todos os sectores do tecido económico da vila mediante un aproveitamento do patrimonio histórico material e inmaterial de Celanova que non colida coa súa conservación e os intereses comúns da veciñanza.

Estamos a tempo para corrixir xa este ano. Animamos a que se abandonen inercias e a traballar en serio sobre políticas públicas sensíbeis e con visión de futuro.

Por todo o devandito o Pleno do Concello de Celanova adopta o seguinte acordo:

1. O goberno municipal comprométese nun período non superior a dous meses a iniciar a revisión da normativa municipal que regula a ocupación do espazo público na vila de Celanova.

2. O goberno municipal comprométese a establecer fórmulas para que desa revisión participen os grupos da corporación e a veciñanza, a través de axentes sociais, asociacións, institucións ou a título individual.

3. Deben ser eixos destas políticas:

Priorizar na normativa o coidado da paisaxe monumental e os elementos que compoñen o patrimonio material de Celanova e o seu uso e goce democrático por parte de toda a veciñanza sen exclusións de ningún tipo.

Leopoldo Rodríguez Puga
Voceiro do BNG de Celanova

bng
Celanova